

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 23 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
 D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5c e 6d)
 D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 5a, 5b e 6a-6c)
 D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9, 10 e 11a)
 D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Admitir neste procedemento a BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.
 2. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.308-113)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, o técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de setembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais o 16 de setembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 19 e 20 de setembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser este un motivo de exclusión ("*As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do único licitador presentado co seguinte resultado:

- BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TIPO VEHÍCULO	PREZO UNITARIO
VEHÍCULOS 1ª CATEGORÍA	400,00 €
VEHÍCULOS 2ª CATEGORÍA	250,00 €
VEHÍCULOS 3ª CATEGORÍA	450,00 €
CAMIÓNS E CABEZAS TRACTORAS	1.000,00 €
REMOLQUES ATA 3.800 KG PMA	200,00 €

Comprométese a aportar as seguintes melloras:

- Incrementa a suma asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes en relación ao mínimo indicado no PPT nun 50%.
- Incrementa a suma asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados en relación ao mínimo indicado no PPT nun 100%.
- Consideración de terceiro en caso de sinistro para os bens propiedade do Concello de Vigo (distintos de vehículos): si
- Incrementa a suma asegurada por falecemento, invalidez permanente en relación ao mínimo indicado no PPTP para os condutores das motos nun 20%.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beirmar" (904-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.083.488,22 €
2	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	997.811,32 €
3	GRUPO RENDER INDUSTRIAL, S.L.	978.346,89 €
4	UTE IMESAPI - ESYCSA	1.023.573,87 €
5	SEGADE SAELCO, S.A.	1.101.940,59 €
6	UTE SIELVIGO - ALUVISA	978.966,10 €

Asisten á apertura D. Rubén Galiñanes Fernández, con DNI **.82.60*, en representación de SIELVIGO, S.L.; D. Iñigo Pérez Alonso, con DNI **.77.29*, en





representación de ALUMBRADOS VIARIOS, S.A. (ALUVISA); D. Enrique Nores Lariño con DNI **.34.35*, en representación de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ; D^a. M^a del Carmen Vila Comesaña con DNI **.86.91*, en representación de IMESAPI, S.A.; D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.13.54**, en representación de Federación Gallega de la Construcción; D^a. Andrea Figueroa Alonso, con DNI **.74.87*, en representación de UTE Beiramar (Imesapi-Esyca); e D. José Carlos Rodríguez Lorenzo, con DNI **.11.63*, en representación de SEGADÉ SAELCO, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	156.060,50 €
2	NAROM, S.L.	191.332,19 €
3	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	171.585,19 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.13.54*, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G desta FEC	Incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-)	Achega de materiais didácticos
1	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	9,50%	10h	5.000,61 €
2	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	10,00%	10h	5.030,68 €
3	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	6,00%	10h	5.000,00 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asisten á apertura D. Jacobo Rey Sanlés, con DNI **. *75.45*, en representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. e D^a. María Isabel Mejuto Iglesias, con DNI **. *17.03* en representación de ANA NAYA GARCÍA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes – director técnico o 14 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 21 de setembro. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 21 de setembro de 2021.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Pavillón Central-Complexo Deportivo das Travesas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	LICITADOR	Puntuación
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100,00
2	BELENUS-NATUR, S.L.U.	94,95
3	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.	82,59
4	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	79,25
5	INSTALACIONES NATURGAS, S.L.	74,44

- Lote 2: Piscina de Teis

	LICITADOR	Puntuación
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100,00
2	BELENUS-NATUR, S.L.U.	93,77
3	INSTALACIONES NATURGAS, S.L.	88,18
4	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.	80,30
5	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	52,33

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, COSTAS Y OTERO, S.L. (B-36.749.075), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos autónomos de respiración e hidrolavadoras para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 2 de xuño de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de xuño de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 239.569,88 euros, do que 41.578,24€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 " Adquisición de equipos de respiración, hidrolavadora" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- O concelleiro delegado de Fomento e Servizos (resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) na seguinte orde descendente:

Lote 1: Equipos autónomos de respiración

Orde	Licitador	Prezo
1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	194.205,00€

Lote 2: 2 Hidrolavadoras

Orde	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	39.076,95 €

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



SUPPLY, S.L. (lote 2) (B-85.885.812), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, o día 26 de agosto de 2021. PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. non presenta documentación no prazo concedido.

En base ao anterior a Mesa de Contratación entendeu retirada a oferta de INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. e propoñer declarar deserto o lote 2 e, unha vez cualificada a documentación presentada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) acordou concederlle un prazo para a emenda da acreditación da solvencia técnica.

Durante o prazo concedido PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 20 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) por un prezo total de 194.205,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.705,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da "CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA".

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 26 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 27 de maio de 2021 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe base máximo de licitación de 60.000,00 €, e sendo o valor estimado do contrato de 49.586,78 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.0000 "Equipamento deportivo das instalacións " do orzamento 2021.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A.U. (A-50.308.139), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*



➤ *Acreditación da solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A.U., o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida 15 de setembro, dentro do prazo concedido.

Unha vez cualificada a documentación, a Mesa de Contratación acordou concederlle un prazo para a emenda da solvencia técnica. Durante o prazo concedido o licitador presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONDO IBÉRICA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBÉRICA, S.A.U., de acordo cos informes de datas 19 e 31 de agosto de 2021 de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



do seguinte acordo:

"Adxudicar a MONDO IBÉRICA, S.A.U. (A-50.308.139) o procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 40.903,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.098,96 euros.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses.
- Reduce o tempo de resposta fixado no PPT para o servizo de atención postventa durante o período de garantía en 50 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento de licencias "Zimbra collaboration network edition" e o soporte do sistema do correo electrónico corporativo "Zimbra":



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de inicio de expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/03/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e da Secretaria do Goberno Local
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 13/04/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 21/04/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o Técnico responsable de seguridade informática
- Memoria xustificativa do contrato de data 25/06/2021, asinada polo Técnico responsable de seguridade informática, o xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15/07/2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto nos anos e partidas seguintes:

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2021	Servizos actualización, soporte e filtrado	9207.2279902 Mantemento software	2685,95	564,05	0
2021	Asistencia Técnica	9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	1405,65	295,19	0
	Total exercicio 2021				0
2022	Servizos actualización, soporte e filtrado	9207.2279902 Mantemento software	8057,84	1692,15	0
2022	Asistencia Técnica	9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	4216,95	885,57	0
	Total exercicio 2022				0



TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

”Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias “Zimbra Collaboration Network Edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	98 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. (B-73.105.231), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., o día 2 de setembro de 2021, que presenta parte da documentación requirida o 17 de setembro, dentro do prazo concedido e. outra parte (acreditación da solvencia económica e Anexo IV do PCAP) o 20 de setembro de 2021 (fóra de prazo).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021, admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 23 de agosto de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación do 2 de setembro polo que se outorga a este licitado a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. (B-73.105.231) o procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113) por un prezo total de 19.208,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.333,75 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:15	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4B-5ED537-CBA63F-64KFEF-LPS9BN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		